



Xurxo Ferrón Vidán, concelleiro de SumaRibeira diríxese ao Alcalde e Corporación Municipal para presentar o seguinte **Rogo**:

No Pleno Municipal celebrado o vinte oito de xuño, cando se ía tratar o punto 17 da orde do día, referido a urbanización do camiño veciñal da Pedrosa (Carrreira), o concelleiro de SUMA RIBEIRA decidiu voluntariamente ausentarse do salón de plenos, por consideralo conveniente ao lindar o camiño en cuestión coa propiedade na que reside.

Por parte do Concelleiro do Partido Popular Víctor Reiriz Lampón, fixéronse unhas declaracións, con referencia expresa á persoa asinante, das que pasa a reflectir na parte en que se sente aludida: *...“Xurxo Ferrón fixo un retranqueo de dous metros e pico.....”no futuro as ordenanzas deben recoller que cando se fai retranqueo debe reparalo a persoa que cede...e non teríamos este problema agora, que ao quedar con terra e donde nace máis maleza... as herbas inclínanse e tapan media carretera...”*. Omitindo na súa alusión directa feito obxectivo relevante relativo á que continuaba no Concello a fianza duns 2600€ depositada no 2007.

Parece obxectivo afirmar que esas declaracións, feitas nun Pleno sen posibilidade de réplica por parte do concelleiro voluntariamente ausente, non transmitiron a realidade, e se cita á persoa concelleira asociándoa coa culpabilidade das *“malas herbas”* e omitindo datos obxectivos que serían moi probablemente antídoto da máis que probable asociación dunha persoa e familia coas posibles molestias que causa á veciñanza o incívico comportamento dunhas veciñas insolidarias.

Os datos obxectivos, comprobables no esencial, son que xa no ano 2007 para obter a licenza de construción dunha vivenda era preceptivo depositar a fianza que presupostaba o Concello, fianza que asegura a urbanización do entorno da vivenda, é que só se debe devolver ao particular cando os servizos técnicos municipais comprobaban o cumprimento pola propiedade dos requisitos establecidos. O Concello, no ano 2011, de acordo co que se lle comunicou que era o proceder habitual, comunicou verbalmente á dobre opción de, urbanizar o tramo cedido ao camiño segundo as indicacións do concello con devolución da fianza, ou non urbanizalo sen dereito á devolución da mesma. O que se lle transmitiu á propiedade entón foi que a actuación consistiría nunha beirarrúa duns 120 centímetros de ancho, do tipo das que eran habituais nesas datas e que en non poucas ocasións tiveron que ser modificadas.

Avaliando a propiedade como ilóxica a única opción proposta, optou por manter depositada a fianza, coa esperanza posta en que co paso do tempo a política urbanística municipal reconsiderase a postura ata entón mantida e se optase por unha solución que entendía que prestaría mellor servizo ás persoas e vehículos que circulasen polo camiño. Máis que probablemente cando se executen os acordos da proposición aprobada non se poñerán beirarrúas *“a antiga usanza”*. Por certo, é de



supoñer que as fianzas depositadas polos veciños correspondentes ao tramo ao que se refire a Proposición serán utilizadas para diminuír o impacto económico das actuacións a realizar. **É polo exposto que considera procedente e necesario solicitar:**

Que, realizadas as comprobacións e preguntas que se estimen pertinentes en relación coas afirmacións reflectidas, se proceda á rectificación no vindeiro Pleno das declaracións feitas por parte do concelleiro do PARTIDO POPULAR, deixando claro en todo caso que a fianza depositada no 2007 (duns 2600€) nin foi devolta nin nunca foi solicitada pola propiedade, ou, alternativamente, se permita ao concelleiro de SUMA RIBEIRA explicar o reflectido neste Rogo, corrixindo así, na medida do posible, o que SUMA RIBEIRA entende que afectou inxustamente tanto á organización política como á persoa concelleira e familia.

Asinado: Xurxo Ferrón Vidán

Concelleiro-Voceiro de SUMA RIBEIRA

En Ribeira, a de agosto de 2022.